



## MANIFIESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 8 MARZO 2025

O 8 de marzo, as universidades debemos unirnos para conmemorar o Día Internacional das Mulleres baixo o lema «Para as mulleres e as nenas en TODA a súa diversidade», en consonancia coa campaña mundial de ONU Mulleres.

Este día representa unha oportunidade para reforzar o noso compromiso coa igualdade de dereitos, o apoderamento e a ampliación de oportunidades para todas as mulleres. A mocidade, será protagonista dos cambios necesarios para alcanzar unha igualdade efectiva; e as universidades debemos ter un papel moi activo neste cambio.

En 2025, conmemoramos o **30º aniversario da Declaración e Plataforma de Acción de Beijing**, adoptada en 1995 por 189 gobernos na 4ª Conferencia Mundial sobre a Muller. Este documento segue sendo o referente global para o avance dos dereitos das mulleres en todas as esferas: educación, saúde, paz, medios de comunicación, empoderamento económico e social, e erradicación da violencia de xénero.

As universidades españolas debemos asumir un papel activo neste cambio, especialmente ante a crúa realidade á que se enfrentan millóns de mulleres no mundo. Só no último ano, 612 millóns de mulleres foron vítimas de conflitos armados. Elas son más vulnerables ao impacto do cambio climático e é alarmante o desequilibrio de xénero no acceso á educación básica dalgúns países. A situación aínda é máis grave cando falamos de mulleres con discapacidade; non en balde, a reforma do artigo 49 da nosa Constitución obriga a atender particularmente as necesidades específicas das mulleres e menores con discapacidade.

A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade inaprazable, pois unha de cada tres sofre violencia nalgún momento da súa vida e cada 10 minutos unha muller é asasinada pola súa parella ou por un familiar. Tamén é imprescindible combater a fenda salarial de xénero e a escasa presenza de mulleres en postos de liderado e toma de decisións en empresas, gobernos e institucións.

Nas universidades debemos consolidar a nosa responsabilidade coa igualdade de oportunidades mediante o compromiso coa eliminación de fendas de xénero, sobre todo nas áreas STEAM, e o recoñecemento e a visibilización do traballo académico e profesional das mulleres. Ademais, urxe a efectiva implantación de políticas de corresponsabilidade e conciliación, así como a verdadeira erradicación do acoso e a discriminación por razón de xénero nas nosas institucións. Do mesmo xeito que a incorporación transversal da perspectiva de xénero en todos os plans de estudo axudaría a concienciar ao profesorado e ao estudantado sobre esta realidade, tendo o seu reflexo no ámbito académico e social.

Os dereitos das mulleres son dereitos humanos e de todas. A igualdade únenos pero a diversidade enriquecenos, polo que é misión fundamental da nosa universidades incorporar a perspectiva interseccional xerando espazos de convivencia, facilitando e flexibilizando o acceso a todos os colectivos respectando as súas particularidades e propios contextos sociais e culturais, e ofrecendo as ferramentas necesarias ao persoal docente e á comunidade universitaria para educar no feminismo non só desde un enfoque único senón desde a globalidade.

Desde a REDE DE UNIDADES DE IGUALDADE DE XÉNERO PARA A EXCELENCIA UNIVERSITARIA, reivindicamos que as universidades lideren o cambio cara a un futuro máis igualitario, garantindo que cada muller teña as mesmas oportunidades para desenvolverse plenamente. Debemos seguir traballando para construír unha sociedade **máis xusta, equitativa e diversa**, onde a igualdade non sexa unha meta, senón unha realidade incuestionable.

8 de marzo de 2025

**As universidades que asinan abaixo forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria:**

Universitat d'Alacant	Universidad de Málaga
Universidad de Alcalá	Universidad Miguel Hernández de Elche
Universidad de Almería	Universidad de Murcia
Universitat Autònoma de Barcelona	Universidad Nacional de Educación a Distancia
Universidad Autónoma de Madrid	Universitat Oberta de Catalunya
Universitat de Barcelona	Universidad de Oviedo
Universidad de Burgos	Universidad Pablo de Olavide
Universidad de Cádiz	Universidad del País Vasco
Universidad de Cantabria	Universidad Politécnica de Cartagena
Universidad de Castilla-La Mancha	Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad Complutense de Madrid	Universidad Politécnica de Madrid
Universidad de Córdoba	Universitat Politècnica de València
Universidade da Coruña	Universitat Pompeu Fabra
Universidad de Deusto	Universidad Pública de Navarra
Universidad de Extremadura	Universitat Ramon Llull
Universitat de Girona	Universidad Rey Juan Carlos
Universidad de Granada	Universitat Rovira i Virgili
Universidad de Huelva	Universidad de Salamanca
Universitat de les Illes Balears	Universidade Santiago de Compostela
Universidad Internacional de Andalucía	Universidad de Sevilla
Universitat Internacional de Catalunya	Universitat de València
Universidad de Jaén	Universidad de Valladolid
Universitat Jaume I de Castellón	Universitat de Vic- Universitat Central de Catalunya
Universidad de La Laguna	Universidade de Vigo
Universidad de La Rioja	Universidad de Zaragoza
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	
Universidad de León	
Universitat de Lleida	